

24 / 5 / 2018 SERMOS GALIZA Nº 297

fóradserie

Laura R. Cuba



ISABEL-CLARA SIMÓ ESCRIBIR SEN PEAXES

Entrevistamos a autora, nada en Alcoi, que vén de recoller na III Gala do Libro Galego o premio Escritora Galega Universal, outorgado pola AELG. Unha escritora que cultivou todos os xéneros. **4-5**



EN PRIMEIRA PERSOA VIRGINIA WOOLF

Isabel-Clara Simó escolle Virginia Woolf, “Cando empeza o século XX, unha das grandes plumas desta época é Virginia Woolf. E ademais ten un ensaio que ninguén leu, porque quedo atónita cada vez que alguén opina sobre el: *Un cuarto propio*. No que di: “Escribide como homes femininos e como mulleres masculinas”. É dicir, non vos apoiades nas vosas propias desgrazas. Escribide, mulleres, sobre todos os temas.

Isabel-Clara Simó (Alcoi, 1943) é unha das escritoras en catalán máis populares. A súa extensa obra visitou todos os xéneros. “Agás a novela infantil”, puntualiza. Docente e xornalista, directora do histórico semanario *Canigó*, decana da Institució de les Lletres Catalanes, independentista confesa, a Asociación de Escritoras e Escritores en Lingua Galega vén de distinguila como a Escritora Galega Universal que antes foron Juan Gelman, Elena Poniatowska, Pepetela, Hèlia Correia ou Mahmud Darwix. Entrementes, supera a morte do seu marido hai dous anos –“por primeira vez quedei en branco, eu que escribira cada día toda a miña vida”– cunha novela: “E é moi dura”.

Que lle di recibir un premio que se chama Escritora Galega Universal?
Déixame *patidifusa*, atónita e dáme moita seguridade en min mesma. É estupenda.

E o feito de que a declaren Galega Universal?
Iso paréceme moi normal. Os galegos por definición sodes universais, uns dos grandes emigrantes do mundo.

Mantén relacións coa literatura galega?
Antes si.

Na época do semanario *Canigó*?
En *Canigó* e tamén en *Galeusca*. Pero cando rematou *Galeusca*, os contactos fixéronse menores.

Con que escritores ou escritoras?
Eu son moi antiga e son moito da Xeración Nós. Encántame. Este home gústame [sinale o poeta e presidente da AELG Cesáreo Sánchez Iglesias, que asiste á entrevista]. Pero non quero dicir máis nomes.

As literaturas non castelás do Estado español parece que teñan que pasar sempre por Madrid para se relacionar...
Xa non, iso é antigo.

ISABEL-CLARA SIMÓ “EN CATALUNYA XA NON É OBRIGATORIO PASAR POR MADRID”

DANIEL SALGADO TEXTO / LAURA R. CUBA FOTO

Vostede cre?

Polo menos desde a literatura catalá. Antes, se te traducían ao francés ou ao inglés, tiñas que pasar polo castelán. Agora xa non. Tes contactos directos. Non sei que está pasando na Galiza nin en Euskadi. Pero en Catalunya xa non é obrigatorio pasar por Madrid.

Adoito as literaturas vasca ou catalá chegan a Galiza a través do castelán. Como se pode combater esa visión radial das literaturas do Estado?

Non creo nunha España radial. Nin creo que sexamos anacos dun mesmo ent. Somos culturas diferentes xeograficamente próximas. E que compartimos o Estado, moi ao noso pesar. Eu son independentista.

Por iso, como evitar esa visión radial?

Non a quero. Outra cousa é que fagamos compañeirismo entre literaturas próximas. Pero non en absoluto porque sexamos as colonias de España. De que medio es?

Sermos Galiza.

Ah, daquela podó falar con liberdade.

Pode, claro. Preguntáballo polo que se pode facer para pelexar contra esa situación de dependencia das literaturas de Madrid.

Galeusca foi a nosa xuntanza sen pasar por Madrid. Por que non a volvemos montar? Os problemas son comúns. Un Estado centralista. E vouche explicar porque é tan centralista. É o Estado do mundo, incluída Inglaterra, que perdeu máis colonias. Daquela, a unidade histórica de que o perdeu todo. En Flandes púxose o sol. E daquela teñen unha especie de urticaria cada vez que un fala da súa lingua, da súa cultura. E por se faltase pouco, o PSOE meteuse no fregado. escoitar a [Pedro] Sánchez dá dor de cabeza. E escoitar a Cidadanos, que son cataláns... Chámase autodio.

Esa visión unitarista agudízase.

Sabes por que? Porque en Catalunya o movemento

independentista eramos catro gatos e agora é maioritario. Teñen medo. Nós somos europeos, non nos poden bombardear.

A que cre que se debeu ese salto?

Dígocho? Fixemos un Estatuto sendo presidente de Catalunya Pasqual Maragall. Aprobouse no Parlament. Por se acaso, fíxose un referendo, que polo visto non son ilegais. Só cando o di Madrid. E saíu que si. E entón Alfonso Guerra dixo: “Vamos a pasarle el cepillo y dejarlo bien limpio”. Quitáron tantos artigos que mesmo quitáron algúns que están no Estatuto andaluz. Isto ocasionou unha rabia, unha decepción, unha depresión colectiva... Que cren? Non somos animais nin somos nenos! Somos un pobo que opina, e isto é unha democracia, non é? Daquela, comezou a se estender o procés. Eu son partidaria de poñer unha estatua a Alfonso Guerra cando sexamos independentes.

Como afecta o intre de excepcionalidade política, sobre todo despois do 1-O, á literatura?

Houbo moitas publicacións sobre o tema, algunhas moi valiosas. Outras puramente xornalísticas mais non por iso menos admirábeis. E os poetas, que son unha raza á parte, máis dúbidosos ou mesmo españolistas apuntáronse ao movemento independentista e republicano. Vouche dar un exemplo. Estou falando de Miquel de Palol. De Palol é un escritor de tanto nivel que teño un recorte dunha revista norteamericana que dicía que os cataláns fixeran tres obras de arte internacionais. Unha é a *Sagrada Familia*. Outra son os reloxos brandos de Dalí. E a terceira é *El Troiaccord* (2001), de Miquel de Palol. Estamos falando de *nivelazo*. E continuamente escribímonos dicindo: “Que tolos que son, qué nos están facendo”. Fíxose independentista. Como todo o mundo. Porque cando a policía pega e fire por unha manifestación á que tes dereito constitucional isto provoca dicir: “Non tedes dereito! Somos pacifistas”. Encarceraron moita xente, outra xente está no exilio, ofendéronnos. E non se

enteran de nada. Pensan que pechando TV3 ou afogando Òmnium Cultural ou pechando escolas ou prohibindo o catalán... Isto fará medrar o movemento independentista.

Aínda é cedo para que haxa expresión literaria do que está acontecendo?

Comeza a habela. Hai unha obra xa que vén da rabia, da depresión. E sobre todo o que temos, grazas a Deus, son moitísimos chistes, moitísimo humor e moitísimas mensaxes burlándonos de todo o mundo. Agora tócalle ao xuíz Llàrena [ri].

Vostede naceu en Alcoi (Alacant). Como é o futuro do catalán en Valencia?

Estivo moi mal durante a época do PP, que foi moi longa e moi corrupta. Agora estiven hai medio ano en Alacant. Alí non hai conflito lingüístico: sinxelamente o catalán desapareceu. Nos



**“SEMPRE PREDIQUEI QUE NON
ESCRIBO SOBRE FEMINISMO. MAIS
POLO QUE DIN, O MEU FEMINISMO
ASOMA POR TODAS PARTES”**

Que capacidade ten a literatura para intervir na sociedade?

Ou ao revés, que capacidade ten a sociedade para intervir na literatura? Quen é fillo de quen? Eu son un ente cultural e ti outro. Non somos naturais. Dígoos dunha maneira moi besta. Un canciño, un canario, un dragón, fan caca e mexan cando queren. Nós non. Precisamos un espazo pechado, con chave, para facer o amor, unhas tradicións, e uns coqueteos e unha historia inmensa arredor. Quero dicir, que as actitudes máis naturais pasaron pola cultura. Ás veces dun xeito mesmo evidente. Como a incursión da relixión no sexo. Daquela somos entes culturais, fillos da nosa época e, porén, podemos ler un clásico da Idade Media. E un clásico da Idade Media se cadra nos pode ler a nós. Seguro que si. Podemos ler un autor doutra cultura, doutra sociedade, de África ou de Asia. E podemos comprendernos. Porque temos o cerebro flexíbel. Temos capacidade de assimilar. Fun profesora toda a vida e sei de que falo.

Profesora e xornalista. Tamén.

Hai quen di que o xornalismo é unha forma de literatura...

Ás veces si, non sempre. Se é puramente informativo, é puramente informativo. Pero a ver, se informo “feito primeiro, feito segundo, feito terceiro”, son unha xornalista. Téñome que axustar a unha coordenadas que no fondo son literarias. Aínda que sexa o número de caracteres, a lonxitude, son corsés que se impón o xornalista. Pero se es un bo xornalista es quen de literaturizar ese contido puramente informativo. Acaba de morrer Tom Wolfe, que nos aprendeu que é o Novo Xornalismo, un xornalismo literario. E despois están as columnas de opinión, que tamén son literatura.

Algunhas. Algunhas. E algunhas veces.

**“METER NO CÁRCERE UN
RAPEIRO É UN CRIME, PERO HAI
COUSAS QUE NON ME GUSTAN”**

Como defende unha escritora a liberdade de expresión?

A capa e espada. A liberdade de expresión é... A ver, se cadra te escandalizo. Eu creo que meter no cárcere un rapeiro é un crime. Pero hai cousas que non me gustan. Non quero meter en prisión a ninguén. Pero un neonazi ou unha canción que estivo de moda hai dous anos que dicía da muller que era inferior e “la tiro al colchón / y le doy un palizón”. Iso ten que se retirar do mercado. Unha canción nazi ten que se retirar do mercado. Torturar un cativo, violar unha muller... Hai cousas que eticamente non as podemos difundir, porque son inmorais, atavismos horribes. Pero coller un tío que di que lle gusta a república e pechalo na cadea... Eu no cárcere a ninguén. En todo caso, prohibir a súa obra. E que o diga un tribunal. Que non o diga un particular. Pero hai cousas que me fan sufrir.

Por exemplo?

Sabes que lle estamos pagando á Fundación Francisco Franco? Sabes que o Val dos Caídos vai a conta pública? Isto hai que revisalo.

A súa obra literaria é moi extensa e atinxe todos os xéneros...

Todos non. Hai un xénero en que son moi mala: a literatura infantil. Un día, Josep Maria Castellet, de Edicions 62, díxome: “Acabou, Isabel. Fasme un libro sobre nenos e para nenos”. Pasei un ano escribíndoo. As ilustracións eran preciosas. Castellet leuno e dixo: “Isabel, os protagonistas son nenos, pero é a cousa menos infantil que lin na miña vida” [ri]. É que me sae, non me gustan os relatos carcas. E os outros saénme moi duros. En cambio a novela xuvenil practiqueina moito. O teatro algo.

Mesmo a poesía.

Estou a piques de publicar un libro e estou orgullosa! Porque non son poeta.

E que xénero prefere?

A novela. Porque o conto é moi puñetero. Telo ou non o tes. Unha novela pódela traballar e traballar e traballar se tes as ideas claras.

bancos poñen un rótulo que di: “Falamos bilingüe, árabe e castelán”. Porque cada día veñen dous barcos de Alxeria. E daquela preguntanme: “Queres vir á feira do libro en valenciano en Alacant?”. En Alacant? “Si, si”. E fun. Na praza do concello, pouca broma, había unha exposición de libros, contacontos, nenos, pais, autores, sinaturas... Como calquera feira do libro. En Alacant. Dous anos antes era inconcibíbel. Porque desaparecera a lingua. E eu cando falaba díxanme: “Ai, que bonito, fala como a miña avoa”. Pero sen rabia, non como en Valencia cidade. Non había conflito lingüístico. E agora a escola valenciana e sobre todo a Universidade de Alacant están mudando as cousas. Valencia está cambiando. E en Madrid están así: “Imos suprimir o valenciano das escolas”: Non entenderon nada. Gañaremos, sabes?